

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN *VAL DE MIÑOR*

BASES

Os **PREMIOS VAL DE MIÑOR** teñen a finalidade de, impulsar traballos de investigación realizados sobre o Val de Miñor co obxectivo de contribuir ao mellor coñecemento da nosa contorna e á súa difusión. Por outro lado, pretenden estimular a curiosidade científica dos estudiantes suscitando así vocacións investigadoras nas novas xeracións.

Participantes

Poderán participar neste premio os autores de calquera nacionalidade. Os participantes poderán presentarse individualmente ou como colectivo.

Tema

Os temas obxecto da investigación centraranse no ámbito territorial do Val de Miñor (concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán) en calquera das dúas modalidades científico-tecnolóxica e humanístico-social.

Extensión

A extensión dos traballos non será superior 300 páxinas, incluídas figuras, táboas mapas e bibliografía. Os traballos presentados deberán acompañarse dun resumo de non máis de 5 páxinas.

Modalidades e categorías

Establécense dúas modalidades.

MODALIDADE CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA

MODALIDADE HUMANÍSTICO-SOCIAL

En cada modalidade haberá dúas categorías de premios:

CATEGORÍA A. Traballos vinculados con entidades de investigación (traballos de fin de grao, traballos de fin de máster, teses de doutoramento...)



CATEGORÍA B. Traballos vinculados con centros educativos (2º ciclo da ESO, Bacharelato e FP).

Premio

Para os traballos de CATEGORÍA A, para cada unha das modalidades, establecérese un premio cunha dotación económica de 3.000 € e a publicación do traballo premiado na Revista de Estudos Miñoráns (REM) e en formato dixital na web do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM).

Para os traballos de CATEGORÍA B, para cada unha das modalidades, establecérese un bono de 500 € para trocar no comercio local do Val de Miñor e a publicación do traballo premiado na Revista do Instituto de Estudos Miñoráns (REM) así como a publicación do traballo en formato dixital na web do IEM.

Os dereitos de autor dos traballos premiados están cubertos polo importe de premio para a primeira edición. Nas seguintes edicións o autor deberá consignar na páxina de créditos a distinción do **PREMIO VAL DE MIÑOR**. A edición dixital estará sempre libre de dereitos na páxina web do IEM.

Presentación dos traballos

Entregarase o traballo orixinal en formato dixital CD/pen drive (PDF) no que tan só figurará o título e lema. Acompañarase en sobre pechado, identificado co título do traballo e lema no exterior, o nome e apelidos do autor/es, institución á que pertencen, enderezo, teléfono, correo electrónico de contacto e declaración xurada de que o traballo presentado non foi nin premiado nin publicado previamente.

Os traballos presentaranse en lingua galega coa normativa oficial, en DIN A4, con letra Times New Roman, tamaño 12, interlineado 1,5 e marxes superior, inferior e laterais estándares.

Lugar e data de presentación

Os traballos presentaranse ata o 30 de xuño (incluído) no **Instituto de Estudos Miñoráns (Avda. da Feira, 10 baixo. 36.380 Gondomar)** ou no **Apartado 30**.

Xurado

O xurado estará constituído por cinco membros.



- O Presidente da Mancomunidade de Concellos do Val de Miñor ou persoa en quen delegue, que será o presidente do xurado.
- O secretario/a do IEM, que levantarán acta das deliberacións do xurado e non terá nin voz nin voto.
- 3 especialistas en investigación designados polo IEM e que elaborarán un informe de avaliación dos orixinais finalistas, que será vinculante para a toma de decisións do xurado.

Fallo

O xurado designado para a valoración e selección dos traballos presentados terá en conta:

- A calidade e o rigor científico ou literario: 45%.
- Innovación, interese, contribución ó coñecemento do patrimonio cultural e aplicabilidade dos traballos: 45%.
- A libre criterio do xurado e por decisión da maioría dos seus membros: 10%.

O fallo dos **PREMIOS VAL DE MIÑOR** farase público na primeira semana de setembro. Comunicaráselle ó autor e publicarase na páxina web do IEM e nos taboleiros dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

O premio poderá ser declarado deserto.

Destino dos traballos

Os traballos premiados quedarán en poder do IEM e os non galardoados poderán ser retirados polos autores, agás unha copia dos mesmos, no prazo dun mes dende a publicación do fallo do xurado.

O feito de concursar obriga ós autores a aceptar na súa integridade as bases desta convocatoria.